

COMISIONS EN ATENCIÓN A SITUACIÓNS PERSOAIS ESPECIAIS POR MOTIVOS DE SAÚDE

A Consellería pretendía incrementar a distancia dende o destino definitivo ata máis de 60 km como requisito (tal e como ocorre coa comisión de conciliación da vida familiar e laboral). **A proposta da UGT demanter os 50 km** que marcaba a Orde anterior foi aceptada pola Administración.

Dende o 24 de maio ata o 4 de xuño!!!

SOLICITANTES

- 1) O persoal docente dependente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional en situación de servizo activo, de excedencia por coidado de familiares ou de violencia de xénero
- 2) O persoal funcionario de carreira dos corpos docentes regulados na Lei orgánica de educación dependentes doutras administracións educativas en situación de servizo activo.

REQUISITOS

Ter, se é o caso, destino definitivo nunha localidade a unha distancia **superior a 50 km** da localidade de residencia. Poderase exceptuar este requisito cando as razóns por motivos de saúde alegadas así o aconsellen de xeito indubidable ou cando se presten servizos con carácter definitivo nas EEI, CEIP, CEP, CRA, CEE e CPI de xornada partida.

Ter solicitado, agás casos excepcionais que serán valorados pola comisión de valoración, praza no último CXT para a localidade ou localidades en que se solicita a comisión de servizos. Exceptuarase cando a solicitude se fundamente en causas sobrevidas ao remate do prazo de presentación de solicitudes do concurso.

Con carácter xeral, dous ou máis docentes vinculados familiarmente non poderán gozar dunha adscrición temporal polo mesmo motivo, debendo renunciar, de ser o caso, un deles.

COMO SOLICITALA

As solicitudes presentaranse **obrigatoriamente por medios electrónicos**. Deberá acceder ao enderezo <https://www.edu.xunta.gal/cadp> e elixir a opción do menú "solicitudes". Deberá completar toda a solicitude segundo se lle indica e finalizar a presentación da solicitude na sede electrónica.

COMO FACER AS PETICIÓNS

Solicitar en primeiro lugar o centro ou centros da localidade ou localidades que se encontren nunraio de 20 km da súa residencia, **agás** os centros penitenciarios, os centros de educación permanente de adultos e os centros ordinarios en que se imparten ensinanzas de adultos e aqueles outros centros en que se imparten ensinanzas en réxime de xornada partida, que serán de solicitude voluntaria.

Poden engadirse voluntariamente outras peticións a centros ou localidades, tendo en conta que neste caso **é preceptivo** solicitar os mencionados no parágrafo anterior.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

1. Informe actualizado, é dicir, emitido no ano en que se realiza a solicitude, do persoal médico de atención primaria e/ou especialista acreditativo da enfermidade/s alegada/s.
2. Copia da resolución administrativa de recoñecemento de grao de discapacidade do persoal docente solicitante cando non fose expedida pola Xunta de Galicia, para aquelas circunstancias en que sexa de aplicación.
3. Calquera outra que considere a persoa solicitante.

No caso de solicitala por un familiar ademais:

1. Certificación literal ou copia do libro de familia actualizado.
2. Certificado de empadramento colectivo da persoa solicitante.
3. Copia da resolución administrativa de recoñecemento dun grao de discapacidade igual ou superior ao 65% do/a cónxuxe, parella de feito ou da persoa familiar de primeiro/segundo grao de consanguinidade ou afinidade da persoa solicitante cando non fose expedida pola Xunta de Galicia.
4. [Anexo II](#): comprobación de datos de terceiras persoas interesadas.

Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente, sempre que non se modificasen as circunstancias, agás os informes médicos, que deberán ser actualizados. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir a persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

A documentación complementaria deberá presentarse xunto coa instancia electronicamente.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexoda copia electrónica presentada.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- * Dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución do CXT no DOG.
- * Nos anos nos que o CXT sexa de ámbito estatal e se resolva por corpos en distintas datas, o prazo será de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución do último CXT no DOG.
- * De non convocarse CXT o prazo de solicitude será do 15 ao 30 de abril do ano correspondente.

CAUSAS SOBREVIDAS

Os casos que poidan xurdir por causa sobrevida fóra do prazo de presentación de solicitudes e con anterioridade á adxudicación definitiva dos destinos provisionais para o curso académico dirixiranse ás Xefaturas Territoriais correspondentes no prazo de presentación de solicitudes extraordinario que se publicará na páxina web www.edu.xunta.gal.

DURACIÓN

A comisión de servizos terá a duración dun curso académico e, con carácter xeral, non poderá concederse pola mesma circunstancia máis doutros dous cursos, sexan continuados ou interrompidos.

OBRIGA DE REALIZAR DÚAS SOLICITUDES

O persoal docente que ten a obriga de participar no CADP: suprimido, desprazado, o persoal funcionario de carreira en expectativa de destino, o persoal funcionario en prácticas e o persoal funcionario interino ao que se lle conceda unha comisión de servizos en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde **deberá realizar, ademais da solicitude de comisión de saúde, unha solicitude ordinaria.** No caso de que non se obtivese destino por saúde, adxudicaríase destino pola solicitude ordinaria.

- * Teñen prioridade na adxudicación de destinos as comisións de saúde do propio persoal docente sobre as comisións por coidado de familiar.
- * Teñen prioridade na adxudicación de destinos as comisións por motivos de saúde sobre as comisións por razón de conciliación da vida familiar e laboral.
- * A adscrición temporal en comisión de servizos noutra localidade estará supeditada á existencia de praza vacante ou necesidade de profesorado para o curso académico seguinte e que lle corresponda a adxudicación dunha praza das solicitadas de acordo cos criterios establecidos na regulación da adxudicación de destinos provisionais para o curso académico que corresponda.
- * Ao persoal docente interino que supere o procedemento selectivo noutro corpo ou noutra especialidade e que tivese concedida unha comisión de servizos por razón de saúde non lle será tramitada esta solicitude, empregárase a solicitude ordinaria de participación que está obrigado a formular este persoal logo de superar o procedemento selectivo, excepto a parte relativa á participación forzosa por provincias, para participar ademais cunha solicitude de comisión de servizos de saúde.

Atendémoste
moi cerca!



Galicia Ensino



FeSP-UGT A CORUÑA

Avda. Fernández La Torre 27, 2º
15006 A Coruña
Tif.981 248 471
ensino.coruna@fesp.ugt.org

FeSP-UGT OURENSE

Parque San Lázaro 12, 1º
32003 Ourense
Tif.988 273 790
ensino.ourense@fesp.ugt.org

FeSP-UGT FERROL

Rúa do Carme, 43-45
15402-Ferrol (A Coruña)
Tif.981 359 131
ensino.ferrol@fesp.ugt.org

FeSP-UGT PONTEVEDRA

Pasantería 1, 1º
36002 Pontevedra
Tif.986 858 413
ensino.pontevedra@fesp.ugt.org

FeSP-UGT COMPOSTELA

Miguel Ferro Caaveiro 12, 1º
15707 Santiago (A Coruña)
Tif.981 573 634
ensino.compostela@fesp.ugt.org

FeSP-UGT AROUSA

Rúa Castelao 22. Baixo
36600 Vilagarcía (Pontevedra)
Tif.986 511 213
ensino.arousa@fesp.ugt.org

FeSP-UGT LUGO

Ronda da Muralla 58, 1º
27003 Lugo
Tif.982 221 854
ensino.lugo@fesp.ugt.org

FeSP-UGT VIGO

García Barbón 67
36201 Vigo (Pontevedra)
Tif.886 132 759
ensino.vigo@fesp.ugt.org